



GUIA PROTOCOLO COVID19 PARA O PROFESORADO E PAS CIFP COROSO (CURSO 2020-21)

SE ME ENCONTRO MAL ANTES DE ASISTIR AO CENTRO

- ✗ NON asistir ao centro se teño síntomas compatibles con COVID19 (febre, tos seca ou dificultades respiratorias)
- ✗ NON asistir ao instituto se o resultado das probas é positivo ou dubidoso
- ✓ Comunicar ao centro telefonicamente a non asistencia e o motivo no mesmo día, incluso se o diagnóstico non é definitivo

ENTRADA NO INSTITUTO

- ✓ Levar sempre a mascarilla posta dentro e fora do centro (máis unha de reposto), incluído patio e outros espazos comúns
- ✓ Ao entrar, hixienizar as mans usando os dispensadores de hidroxel situados no hall
- ✓ Entrar e circular polos pasillos e escaleiras respectando a sinalización, gardando sempre a distancia de 1.5 m e evitando aglomeracións
- ✓ Nos espazos comúns respectar a distancia de seguridade
- ✗ NON está permitido fumar a menos de 50 m do recinto escolar (entradas, parking, etc).
- ✗ NON está permitida a entrada a persoas alleas á comunidade educativa

DURANTE AS ACTIVIDADES LECTIVAS NO CIFP

- ✓ **Corresponde ao profesorado manter unha conduta exemplarizante no cumprimento das medidas de protección, para inculcar no alumnado a concienciación social da pandemia e o beneficio común para a propia saúde das persoas da comunidade educativa e das súas familias**
- ✓ Abrir a aula ou taller o máis puntual posible. Se por causa de forza maior non se pode chegar puntualmente, avisarase ao centro o antes posible para que o profesor/a de garda se faga cargo do grupo.
- ✓ O docente encargarse de asegurar a ventilación do local antes da entrada do alumnado e deixará constancia na folla de rexistro do taller ou aula. Ventilarse a aula evitando correntes de aire, por un periodo mínimo de 15 minutos ao inicio da xornada, recreos e ao finalizar as clases e se é posible entre clases.
- ✓ Nas entradas e saídas das aulas ou talleres, asegurarse que cada alumno hixieniza as mans co xel hidroalcohólico e leva a máscara posta. Calquera persoa que saia ou entre na aula durante a actividade lectiva, deberá realizar a mesma operación.
- ✓ O profesor/a responsabilizarse da súa hixiene de mans e material de uso docente en cada cambio de grupo, ademais de asegurarse de que cada alumno/a hixienice o seu posto no taller ou na aula, tanto na entrada como na saída.





- ✓ Non se permitirá compartir mobiliario do local (estantes, colgadores, taquillas, etc). En lugar dos colgadores, poden empregar a cadeira ou a taquilla persoal
- ✓ Preguntarase ao alumnado de forma xenérica se presenta algún síntoma compatible con COVID (caso afirmativo ver apartado correspondente desta guía)
- ✓ Asegurarse que cada alumno ocupa sempre o mesmo posto asignado pola titora ou titor. É recomendable en espazos non compartidos, que haxa un cadrante na mesa do profesor coa disposición do alumnado no taller ou na aula, así como o nome no posto da alumna ou alumno
- ✓ Asegurarse de que o alumnado non comparte material escolar, enseres persoais ou ferramenta de uso habitual.
- ✓ Asegurarse de que o alumnado hixieniza a ferramenta de uso compartido, antes e despois de usala, incluídos teclados e ratos nas aulas de ordenadores
- ✓ As entrevistas coas familias faranse preferentemente vía telemática, de non ser posible, faranse con cita previa e nos locais habilitados para isto
- ✓ É recomendable que o alumnado saia escalonadamente do local unha vez hixienizado o posto e as mans, respectando sempre a distancia de seguridade de 1.5 m
- ✓ O profesorado poderá realizar medicións de temperatura ao alumnado nos grupos nos que imparte formación. O termómetro estará dispoñible no departamento da familia profesional correspondente. No caso de detectar temperatura maior ou igual de 37.5º, debe actuar conforme ao apartado correspondente da presente guía.

RECREOS E ACTIVIDADES EN ESPAZOS COMÚNS

- ✗ Está prohibido permanecer nos baños, pasillos, escaleiras, etc, agás nas aulas habilitadas para ocio ou lecer. O profesorado de garda ou outro profesorado en xeral debe actuar á vista de comportamentos non permitidos.
- ✓ Só se permitirán puntos de encontro no exterior do edificio, respectando a distancia de seguridade e as medidas hixiénico-sanitarias
- ✓ Acceder aos espazos comúns respectando o aforo dos mesmos e a distancia de seguridade (biblioteca, aulas de convivencia, cafetería, patios exteriores, etc)
- ✗ NON está permitido o uso de xogos ou obxectos de uso compartido
- ✗ NON retirar a mascarilla nos espazos comúns agás no caso que sexa imprescindible e seguindo as instrucións do persoal responsable (nomeadamente na cafetería).
- ✓ As actividades lectivas dos Ciclos Medios que se desenvolvan na zona de talleres de mecanizado (antigo edificio do ISM), sairán ao recreo ás 11:25.

INDICACIÓNS PARA OS PROFESORES DE GARDA

- ✓ Os docentes de garda velarán polo cumprimento do protocolo COVID nos espazos comúns, durante as entradas ao centro, recreos e outros períodos lectivos.





✔ Os docentes de garda, xunto co equipo COVID e o equipo directivo, serán os referentes para recepcionar calquera incidencia relacionada co coronavirus, ademais das funcións que xa tiñan encomendadas con anterioridade. No caso de sintomatoloxía nun alumno, actuar segundo o apartado correspondente da presente guía. En caso de que o profesor de garda estea encadrado nalgún grupo de risco, deberá derivar a incidencia a outro docente ou algún membro do equipo directivo ou do equipo COVID.

SE SE DETECTA UN ALUMNO OU PERSOAL DO CENTRO CON SINTOMATOLOXÍA

✔ Tanto se un alumno declara encontrarse mal, como se detectamos un alumno con algún síntoma compatible coa COVID19 (febre, tose seca ou dificultade respiratoria, ou unha combinación doutros síntomas como fatiga severa ou cansazo, falta de olfato ou gusto, dores musculares, diarrea, etc.), deberemos enviar aviso por mediación dunha alumna ou alumno ao profesor de garda, que estará na biblioteca, ou de non localizarse, dirixirse ao equipo directivo.

✔ O profesor de garda acompañará ao afectado á aula 008 (sala de reunións) do centro novo, porase unha máscara cirúrxica tanto o afectado como o cuidador, tomará a temperatura cun termómetro dispoñible en conserxería do centro novo e contactará coa familia.

✔ Unha das persoas autorizadas da familia recollerá ao afectado e contactará telefonicamente co seu centro de atención primaria, para solicitar consulta. Ó abandonar o centro a persoa responsable do afectado asinará a saída do centro no modelo que está dispoñible na secretaria do centro.

✔ Débeselle recordar familiar responsable que ten a obriga de comunicar ao equipo COVID do CIFP Coroso, o resultado (diagnóstico, proba ou recomendación) do informe médico.

✔ En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria, o profesor de garda chamará ao 061, ademais de contactar coa familia.

✔ **O profesor de garda rexistrará inmediatamente a incidencia no formulario dispoñible no apartado COVID da web do centro. Este rexistro será de vital importancia para que o EQUIPO COVID do cifp faga o seguimento do brote.**

✔ En caso de ser persoal docente ou non docente, debe abandonar o centro con seguridade, protexido por máscara cirúrxica e seguir as instrucións do centro de saúde até que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario.

REUNIÓNS E COMUNICACIÓNS INTERNAS DO CIFP

✔ As reunións de docentes realizaranse preferentemente por medios telemáticos, así como as titorías de pais, etc

✔ Se por causa de forza maior fose necesario realizar titorías presenciais cos pais, farase cumprindo as normas de protección e aforo e con cita previa.

✔ As comunicacións internas entre docentes e persoal non docente, realizaranse preferentemente vía telefónica, telefonía interna do centro, correo electrónico, etc.

